



## **ORDE CIRCULAR 1/2011**

### **Criterios de balizamento de diverxencias, saídas e bifurcacións mediante fitos de vértice e balizas cilíndricas.**

A ausencia de regulamentación relativa ó balizamento en zonas de diverxencias, saídas e bifurcacións na normativa vixente, dá lugar a distintas disposicións do mesmo segundo o criterio de cada técnico.

Esta Dirección Xeral considera necesario, establecer unhas directrices para o balizamento homoxéneo destas zonas de separación de correntes de tráfico, nas estradas titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os elementos de balizamento retrorreflectantes a colocar (fitos de vértice e balizas cilíndricas) en diverxencias, saídas e bifurcacións, teñen como finalidade, reforzar a capacidade de guía óptica que proporcionan os elementos de sinalización tradicionais (marcas viais, sinais e carteis verticais de circulación) e advertir das correntes de circulación posibles ó condutor.

O Regulamento Xeral de Circulación define fito de vértice como aquel elemento de balizamento en forma semicilíndrica na súa cara frontal provisto de triángulos simétricamente opostos de material retrorreflectante que indica o punto no que se separan dúas correntes de tráfico.

Tendo en conta esta definición, o fito de vértice deberá ser o primeiro elemento en ser divisado polo condutor ó dirixirse a unha zona de divergencia, bifurcación ou saída, marcando o inicio da mesma. Este situarase ó inicio do cebreado, no primeiro tramo non pintado do mesmo que teña ancho suficiente para permitir a súa disposición sen invadir os carrís adxacentes. A partir deste distribuíranse a ambos lados as balizas cilíndricas marcando o borde de ambas traxectorias ou correntes de tráfico que se separan.

As balizas cilíndricas situaríanse na metade dos tramos non pintados do cebreado e colocando a primeira delas no primeiro tramo situado a




continuación do fito de vértice. Dada a gran variedade de lonxitudes dos cebreados, disporáse un número non menor a 4 balizas cilíndricas a cada lado do fito de vértice.

No referente á cor a empregar tanto nos fitos de vértice como nas balizas cilíndricas, o criterio será o que segue:

- En autoestradas e autovías serán de cor azul, acordes co fondo da carteleiría empregada nestas vías.
- No resto dos casos, serán de cor verde.

As disposicións recollidas nesta orde circular serán de obrigado cumprimento dende a data da mesma, en todas as estradas de titularidade autonómica en donde teñan que executarse novos balizamentos. En canto os balizamentos xa existentes, otórgase un prazo dun ano para o seu adecuado posicionamento, mentres que a disposición relativa á súa cor será de aplicación no momento en que sexa necesario proceder á súa renovación.

A continuación recóllese un croquis orientativo para maior claridade e un comparativo de imaxes en relación coa adecuada disposición ou non do balizamento.





MAL



MAL



BEN



Santiago de Compostela, 25 de abril de 2011  
A directora xeral de Infraestruturas

Ethel M<sup>a</sup> Vázquez Mourelle